



BANDO DE ALCALDÍA

DON RAMIRO VARELA PEÓN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AGOLADA – (PONTEVEDRA).

FAGO SABER:

A tódolos veciños do Concello, que según o Artigo 67, da Lei de Montes 7/2012 do 28 de xuño, quedan **PROHIBIDAS** as repoboacións forestais en chan urbano, de núcleo rural, no chan urbanizable delimitado, e no **RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA**. Tamén se comunica que según o artigo 61; só se poderá cambiar da actividade agrícola a forestal os terreos rústicos de uso agrícola en estado de MANIFESTO ABANDONO e que estivesen adscritos a un banco de terras agrarias o instrumento semellante, por un período de alomenos DOUS ANOS, poderán forestarse, previa comunicación á Administración Forestal, cando cumplan algún dos seguintes supostos:

- a) *Que colindasen con terreos forestais, cando se utilicen frondosas caducifolias.*
- b) *Que constituísen enclaves de hata 5 hectáreas en superficie arbolada, utilizando frondosas caducifolias.*

Distancias mínimas que deben respetar as novas repoboacións forestais de PINO e EUCALIPTO:

A	Con parcelas forestais	2 metros
B	Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
C	Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria.	10 metros
D	Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril.	10 metros
E	Con pistas forestais principais	6 metros
F	Desde a proxección do conductor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a casa caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
G	Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	15 metros contados dende o dominio público.
H	Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e núcleo rural.	30 metros.
I	Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado.	30 metros.
J	Con cámpings, gasolineras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento.	50 metros.

O que se fai público aos efectos oportunos e para xeral coñecemento.

En Agolada a 10/06/2015

O Alcalde,

Asdo: Ramiro Varela Peón